

Ao día seguinte de facer esta sesión de fotografías (cunha cámara dixital Panasonic-Lumix- leica) que aquí presento, publicábase nun xornal electrónico unha noticia realmente desconcertante. O titular redactaba o seguinte: *O encoro de As Conchas de Ourense produce toxinas de guerra química.*

No momento de facer as fotos acompañado por outras persoas pero distanciadas entre nós, xa que estábamos realizando operacións semellantes, quedaba apampado das sensacións que producían en min o feito de estar nese extenso espazo baleiro, nesa zona preparada para o líquido elemento, do cal había moi pouco, e hai cada vez menos, durante todo o ano. E é que estaba situado no propio encoro de As Conchas sen saber o que lería ao día seguinte. Enlamado o calzado e procurando captar a desolación, a ausencia, o deserto, a distancia, a apocalipse etc se é que se pode dicir algo máis despois de apocalipse...

Trinta e seis instalacións encoradas existen na Galiza e a metade están na provincia de Ourense de onde son orixinario e residente.

Desde 1940 comezaron a proliferar os encoros en todo o estado español. Moitísimos deles, como digo, na Galiza.

No encoro de As Conchas na zona da Limia estivo situado un campamento romano co nome de Porto de Quintela, do cal os seus restos e reconstrución son agora de interese turístico. Tamén anegou varias pontes históricas da ruta Braga-Santiago. Agora o encoro está ateigado de nitróxeno, fósforo e cianobacterias que cobren de verde o mesmo, sobre todo no verán. O problema neste caso vén dado polo vertido ao río Limia por parte de 400 macrogranxas de animais, principalmente porcos. Os xurros e esterco destas granxas van ás augas subterráneas da chaira da Limia en Ourense. A grande maioría dependen de COREN e a riqueza que colleitan sacrificando animais e facendo que os seus desfeitos contaminen a comarca é non só a pobreza para o resto da xente da Limia e as súas outras formas de vida senón que provocan a destrución e a devastación da natureza. Unha natureza que podería ter sido, no seu día, unha grande zona privilexiada en diversidade e riqueza paisaxística, flora e fauna comparable, ou incluso, superando á riqueza de Doñana.

A natureza ao redor do encoro de As Conchas aínda é esplendorosa. Fronte ao concello de Muíños, sen perda para ninguén. xa que unhas enormes letras así o mostran ao carón do seu camping ao estilo *hollywoodiense*. Porta primeira para profundizar nun Xurés tan castigado ano tras ano polos incendios forestais mais resistindo desde os seus altos cunha marabillosa dignidade.

Mais dentro do encoro case non hai auga, case non hai auga na maioría de encoros galegos, por non falar dos do estado español. A falta de chuvias, a sequía e os aumentos de temperatura pola mudanza climática fan que se den espazos, territorios, zonas que semellan máis a certos filmes de ciencia ficción de tipo distópico etc que a outra cousa. Lugares ao mesmo tempo para sentir, quizais, o vento e reflexionar do que estamos facendo agora que os humanos, aos poucos, comezamos a coller conciencia do que se nos vén enriba a nós e ao planeta.

Que escollera a inversión fotográfica, pois, non é algo feito dunha maneira casual ou

caprichosa. Foi completamente premeditado. Desta maneira considero que se acentúa aínda máis ese carácter desolador e postapocalíptico. Fun analizando imaxe por imaxe e tiven a sorte, polo menos para min, de que todas elas tiñan un sentido empregando esta técnica, por outra banda tan sinxela dixitalmente. Confúndense a auga e a terra, o ceo e a natureza. Os elementos que conforman algunhas das fotos que lle dan aínda máis ese cariz de ciencia ficción e fantasía ou incluso pesadelo. A auga deste encoro está contaminada, non se pode consumir. A auga de multitude de ríos e, claro está, de encoros na Galiza está contaminada. Existen vertidos de todo tipo en todo tipo de lugares xa sexan cidades, polígonos ou no mesmo rural, como comento.

Os encoros naceron no seu día para intereses practicamente particulares destruindo ao seu paso formas de vida e á natureza mesma. Nos anos sesenta o encoro rematado de Castrelo de Miño cuns 60 hectómetros cúbicos de auga destruíu ún dos vales máis fértiles da Galiza. O encoro de As Portas construído sobre o río Camba anegou varios pobos. En 1992 cando a construción dun encoro no río Limia na fronteira entre Portugal e a Galiza anegou, unha vez máis, a vida de varias aldeas. A construción do encoro de Lindoso anegou para sempre as localidades de Aceredo e Buscalque no concello de Lobios na Baixa Limia. *Se ben os seus habitantes non puideron facer nada para salvar fogares e terras, si tiveron o valor de coller as súas cámaras de vídeo doméstico. Gravaron como pouco a pouco as vilas dos seus antergos ían quedando pouco a pouco baixo as augas etc*

Manuel Rivas explicou nunha acción pola tarifa eléctrica galega que o encoro Barrié de la Maza, situado entre Brión e Negreira, ao igual que corenta máis en toda Galiza, foi froito dunha imposición franquista que anegou terras, pagou expropiacións de miseria e incitou a emigración no noso país. O único fin desta explotación era a obtención de grandes beneficios económicos por parte de Unión Fenosa en pago ás axudas de Barrié de la Maza a Franco.

Hoxe en día aínda que *liberalizado* o sector siguen manexando ao seu antollo ríos e augas en todo o territorio. Para máis inri nin sequera é un servizo público porque o que fan é explotar os recursos naturais, as grandes compañías, e engrosan grandes beneficios, e non deixaron nin deixan, máis que destrución. Hoxe por hoxe expórtase máis do 40% da produción enerxética e o recibo da luz, aínda por riba, é dos máis caros do territorio estatal.

*Os encoros galegos non cumpren a lei, nin hoxe nin nos anos cincuenta cando empezaron a funcionar algúns: xa que tiñan que permitir, por lei, subir as especies migratorias (salmóns, anguías, troitas, reos sables, etc.), isto en primeiro lugar e ademais, en segundo lugar gardar o caudal ecolóxico que non o gardan para nada.* En Ourense, cidade, obsérvase o Miño dun día para outro como, ás veces, as oscilacións de caudal son terribles e a compañía acaba botando a culpa a variantes climatolóxicas.

Como comentario final sobre os encoros dicir que aínda case ao final do ano 2018 anulouse o encoro co que Franco ía anegar as montañas galegas de O Courel.

Comentar con sinceridade que antes de plantexarme esta especie de alegación, a propósito das miñas tomas, nun primeiro momento, ían quedar en simples instantáneas nun cartafol, ás cales daríalle saída a algunhas, quizais, nas redes sociais. Mais a noticia da contaminación no encoro onde foron tomadas ao día seguinte imprimiu en min unha reacción en cadea sobre todos estes temas que abordo que se poden simplificar na necesidade imperiosa de preservar o que queda da nosa natureza.

A sesión fotográfica foi especial no sentido que comentaba anteriormente. Aínda con xente facendo o mesmo que estaba facendo eu, sempre distanciados. Aínda con persoas ao lonxe, sempre distanciadas, a sensación de soedade e a provocación da mesma nunha especie de reflexión moi profunda do baleiro que estamos deixando exterior e interiormente en nós é esmagante.

Resulta fotoxénica, por desgraza, a destrución negativa, isto é a destrución da natureza que nos da acubillo. A distancia que había entre todos os seres humanos que estábamos esa tarde alí, nese lugar semella unha metáfora do que ocorre a nivel humano e social. Unha desconxugación e fragmentación que impide que sexamos un todo fronte a barbarie que provocan moi poucos.

Finalmente quero deixar constancia que as tomas están realizadas nunha posición automática. As miñas carencias e/ou limitacións técnicas a este respecto penso que son suplidas por unha intuición, un ollo, un encadre e uns obxectivos ben definidos. Ademais dunha grande experiencia en disparos e repeticións desde hai anos de moita intensidade fotográfica.